

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2020.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e catro minutos do día nove de decembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 30 de novembro de 2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Anuncio do 12 de novembro de 2020, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana -Dirección Xeral de Aviación Civil-, polo que se somete a información pública a modificación das servidumes aeronáuticas do Aeroporto da Coruña. BOE núm. 316 do 03-12-2020.
- Extracto da Resolución do 27 de novembro de 2020, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico -Dirección Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía-, pola que se formaliza a primeira Convocatoria de axudas á inversión en instalacións de xeración de enerxía eléctrica con fontes de enerxía renovable na Comunidade Autónoma de Galicia cofinanciadas con Fondos da Unión Europea. BOE núm. 316 do 03-12-2020.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02R8</b>	<b>USG/2020/183</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>670V 3H07 285B 5W43 0697</b>	

- Anuncio do 17 de novembro de 2020, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana -Dirección Xeral de Aviación Civil-, relativo á apertura do expediente de Información Pública dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras do Proxecto Básico "Aeroporto de A Coruña. Expropiación de los terrenos necesarios para la ampliación de la franja de pista", no termo municipal de Culleredo (A Coruña). Expediente 113-AENA/20". BOE núm. 321 do 09-12-2020.
- Decreto 209/2020 do 26 de novembro, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da AC-213 O Burgo (AC-211)-Os Campós, desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 1+840, a prol do Concello de Culleredo. DOG núm. 247 do 09-12-2020.
- Anuncio do 27 de novembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021. BOP núm. 205 do 01-12-2020.
- Anuncio do 5 de novembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á asunción polo alcalde das funcións da alcaldía a partir do día 5 de novembro de 2020 e, en consecuencia, revogación da resolución do día 29 de outubro de 2020 (relativa delegación funcións alcaldía). BOP núm. 206 do 02-12-2020.
- Anuncio do 17 de novembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.B.I. e D.V.M.P.P. o día 19 de novembro de 2020 ás 18.00 horas. BOP núm. 206 do 02-12-2020.
- Anuncio do 26 de novembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ás bases e á convocatoria pública para a elección de xuíz de paz substituto do Concello de Culleredo. BOP núm. 206 do 02-12-2020.
- Anuncio do 17 de novembro de 2020, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana -Dirección Xeral de Aviación Civil-, de información pública do Proxecto Básico "Aeroporto de A Coruña. Expropiación de los terrenos necesarios para la ampliación de la franja de pista", no termo municipal de Culleredo (A Coruña). Expediente 113-AENA/20. BOP núm. 209 do 07-12-2020.
- Anuncio do 2 de decembro de 2020, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2021. BOP núm. 210 do 09-12-2020.

C.I.F. P-1503100-H

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

<b>**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013</b>					
<b>Data da resolución</b>	<b>Nº resolución</b>	<b>TEMA</b>	<b>Persoa beneficiaria</b>	<b>Obxecto da axuda</b>	<b>Importe</b>
25/11/2020	1671	Concesión de axuda económica.	***7991**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xanerio a maio (200€/mes) e 75€ do mes de xuño de 2020.	1075€
25/11/2020	1672	Concesión de axuda	****2296*	Pago de aluguer,	1000€

2 de 6

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02R8</b>	<b>USG/2020/183</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>670V 3H07 285B 5W43 0697</b>	

C.I.F. P-1503100-H

		económica.		correspondente aos meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2020 (250€/mes)	
				Bono de alimentos tipo B, durante máximo dous meses.	75€
25/11/2020	1673	Concesión de axuda económica.	***8046**	Pago de aluguer, por correspondente aos meses de abril a novembro de 2020 (20€/mes).	160€
				Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019 e 1º e 2º trimestre de 2020.	313,62€
				Pago de recibo de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2020.	94,29€
25/11/2020	1674	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***0264**	Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 03 de marzo de 2020 a 07 de abril de 2020	46,44€
				Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 06 de maio de 2020 a 07 de setembro de 2020.	68,73€
25/11/2020	1675	Concesión de axuda económica.	****0909*	Abono factura cociña, forno, frigorífico e lavadora.	1075€
25/11/2020	1676	Concesión de axuda económica.	***0278**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de agosto e setembro (400€/mes) e parte da cuota do mes de outubro (275€).	1075€
25/11/2020	1677	Declarar o desestímulo das	***3194		

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02R8</b>	<b>USG/2020/183</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>670V 3H07 285B 5W43 0697</b>	

C.I.F. P-1503100-H

		axudas solicitadas para pago de abono de aluguer, segundo o artigo 19 do <i>Regulamento de Acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS)</i> por non achegar a documentación preceptiva.			
25/11/2020	1678	Concesión de axuda económica.	**5349**	Pago de aluguer, correspondente ao mes de setembro (325€), agosto (100€), outubro (325€) e novembro (325€) de 2020.	1075€
25/11/2020	1679	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***5082**	Pago do recibo de auga, por un importe de 56,55€, correspondente ao 3º trimestre de 2020.	
25/11/2020	1680	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***9435**	Pago do recibo de electricidade correspondente ao mes de febreiro (65,95€) e parte de marzo (9,05€) de 2020.	
25/11/2020	1681	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***6838**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 2º e 3º trimestre de 2020.	134,98€

“

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

**“ACTIVIDADES CULTURAIS**

**VENRES 11 DE DECEMBRO**

**Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:**

Baobab Testro: *Mai Mai*.

Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña.

Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.”

2.2.3.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02R8</b>	<b>USG/2020/183</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
670V 3H07 285B 5W43 0697	

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución número CUL/RES/863/2020 de data do 07/07/2020, pola que se establece unha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/. Laxe, núm. 13, da parroquia de Rutis deste termo municipal.
- Resolución número CUL/RES/1455/2020 de data do 29/10/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización do subministro de enerxía eléctrica para a vivanda unifamiliar situada no lugar de Vigovidín, da parroquia de Almeiras.
- Resolución número CUL/RES/1456/2020 de data do 29/10/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de liña eléctrica de baixa tensión soterrada nunha parcela de Fornos – Sueiro.
- Resolución número CUL/RES/1427/2020 de data do 29/10/2020 pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a substitución de válvula ACO en rede de subministro de gas natural na Praza da Ría, núm. 3, parroquia de Rutis.
- Resolución número CUL/RES/1458/2020 de data do 29/10/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de liña eléctrica de baixa tensión soterrada RBTS- Fogueira.
- Resolución número CUL/RES/1459/2020 de data do 29/10/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o subministro eléctrico aos vestiarios do campo de fútbol de Cornedo, en Sésamo.
- Resolución número CUL/RES/1460/2020 de data do 29/10/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización RBTS lugar de Orro.
- Resolución número CUL/RES/1469/2020 de data do 02/11/2020 pola que se dá de baixa con efectos do ano 2020, a licenza municipal núm. 319 da licenza de pasaxe con horario laboral do local situado na Avda. de Fonteculler, núm. 10, á nome de SOLARGAL INSTALACIONES, SL.
- Resolución número CUL/RES/1470/2020 de data do 02/11/2020 pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a ampliación da rede de gas na R/. Salvador Allende – O Burgo.
- Resolución número CUL/RES/1471/2020 de data do 02/11/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o subministro eléctrico na vivanda unifamiliar situada en Celas, s/n.
- Resolución número CUL/RES/1472/2020 de data do 02/11/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o subministro da enerxía eléctrica rede de baixa tensión subterránea nunha parcela situada no Vilar – Sueiro.
- Resolución número CUL/RES/1473/2020 de data do 02/11/2020 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de RBT en Cillobre, núm. 19 – Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1540/2020 de data do 09/11/2020 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde para a obra de “Reforma de semisótano de centro cívico para uso como zona cultural, emplazado en Avda. de Fonteculler”.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02R8</b>	<b>USG/2020/183</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
670V 3H07 285B 5W43 0697	

- Resolución número CUL/RES/1551/2020 de data do 10/11/2020 pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o desmantelamento de depósito de G.L.P. Situado en Fonte da Balsa, núm. 7.
- Resolución número CUL/RES/1552/2020 de data do 10/11/2020 pola que se autoriza o uso especial por TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU, dos terreos de dominio público municipal afectados para a execución dunha arqueta tipo M de canalización con dous condutores de P.V.C. Na R/. do Concello, núm. 9 (centro de saúde de Tarrío).
- Resolución número CUL/RES/1574/2020 de data do 11/11/2020 pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Reforma y ampliación del centro cívico y social de Sueiro", que ten un presuposto de 201.586,00 €.
- Resolución número CUL/RES/1770/2020 de data do 02/12/2020 pola que se ordena á A. P. L. como propietario, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A04100180, da limpeza e roza necesarias para as debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución número CUL/RES/1709/2020 de data do 01/12/2020 pola que se inicia o expediente para a execución subsidiaria para a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A01000159, da limpeza e roza necesarias para as debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución número CUL/RES/1767/2020 de data do 02/12/2020 pola que se inicia o expediente para a execución subsidiaria para a realización nos terreos coa referencia catastral 0167215NH5906N, da limpeza e roza necesarias para as debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución número CUL/RES/1769/2020 de data do 02/12/2020 pola que se ordena ao herdeiros de C. P. P. como propietarios, a realización nos terreos coa referencia catastral 0370911NH5906N, da limpeza e roza necesarias para as debidas condicións de seguridade e salubridade."
- 

C.I.F. P-1503100-H

### **3.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)